



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

C/Torres Quevedo, 3
Polígono Industrial A Grela
15008 – A Coruña
Tlf: 881 881 872
<https://consumo.xunta.gal/gi>



**LABORATORIO
DE CONSUMO
DE GALICIA**



MEMORIA

PROCURA DA EXCELENCIA NA VIXILANCIA DO MERCADO



LABORATORIO DE CONSUMO DE GALICIA

JUANA ISABEL FERREIRO LÓPEZ-RIOBÓO. XEFA DE SECCIÓN E RESPONSABLE DE CALIDADE DO LCG

MARÍA LOURDES VEIRA RABUÑAL. RESPONSABLE DE ADMINISTRACIÓN DO LCG

SOLICITUDE:

II PREMIO EMPREGADOS/AS PÚBLICOS/AS INNOVADORES/AS 2020

CATEGORÍA: 1. IDENTIFICACIÓN DE OPORTUNIDADES



Xacobeo 2021



ÍNDICE

1.	MOTIVO DA POSTULACIÓN	1
2.	FACTORES CLAVE	4
3.	FACTORES INNOVADORES	6
4.	O LABORATORIO DE CONSUMO DE GALICIA.....	9
	MARCO LEXISLATIVO	9
	DESCRICIÓN.....	11
	RECURSOS HUMANOS	15
5.	A VIXILANCIA DO MERCADO	17
	DESCRICIÓN.....	17
	ACTUACIÓNS NO CAMPO DA VIXILANCIA NO MERCADO	17
	INSPECCIÓNS DE OFICIO.....	17
	ANÁLISES FÍSICOS E QUÍMICOS NO LCG DE PRODUTOS DE CAMPAÑA	18
	CAMPAÑAS DE PRODUTOS DE PROTECCIÓN FRONTE AO COVID-19.....	18
6.	A APLICACIÓN CEBRA	21
	DESCRICIÓN.....	21
	BENEFICIOS	21
	A MELLORA NA SEGURIDADE EN TEMPOS DO COVID-19.....	21
	A PROMOCIÓN DUN PROCESO ECOLÓXICO: EDICIÓN ELECTRÓNICA DAS ACTAS.....	21
	A MELLORA NA TRAZABILIDADE DA MOSTRA: A CAPTURA DO CÓDIGO	23
	A MELLORA NA PLANIFICACIÓN : O MAPEO DE ACTUACIÓNS.....	24
	A MELLORA NA SEGURIDADE DOCUMENTAL: A SINATURA ELECTRÓNICA	26
	A PROCURA DA SINXELEZA DO PROCESO: ÚNICO DOCUMENTO E AS ESTATÍSTICAS.....	27
	SINERXÍAS CON OUTROS ORGANISMOS.....	28
	HOSPITAIS E SERVIZOS DE SAÚDE: OS PRODUTOS ASOCIADOS A INGRESOS	28
	COMITÉS NACIONAIS E EUROPEOS: A NORMALIZACIÓN TÉCNICA.....	30
	AS REDES SIRI E RAPEX: AS CAMPAÑAS DE PRODUTOS SIMILARES AOS ALERTADOS	32
	DIAGRAMA DA INNOVACIÓN.....	33
	ÍNDICE DE FIGURAS.....	34
	BIBLIOGRAFÍA	35



1. MOTIVO DA POSTULACIÓN

Grazas á oportunidade que se nos brinda nesta convocatoria do II Premio Empregados/as Públicos/as Innovadores/as, establecido no marco do Programa Integral de Impulso da Compra Pública de Innovación (Innpulsa CPI), preséntase esta memoria na que se propón a creación dunha aplicación para teléfono móbil coa que se poda desenvolver o traballo de vixilancia do mercado dunha forma máis fácil e eficiente, tanto na fase de inspección coma na fase de análise no *Laboratorio de Consumo de Galicia*.

A creación desta aplicación segue a estratexia de crecemento da Unión Europea, *Europa 2020: Unha estratexia para un crecemento intelixente, sustentable e integrador*¹, que persegue o fomento dun modelo de crecemento baseado na innovación, internacionalización e no capital humano. A ideación desta aplicación ao servizo da inspección do *Instituto Galego de Consumo e da Competencia* (IGCC) e do *Laboratorio de Consumo de Galicia* (LCG) está baseada no dito modelo, xa que é unha ferramenta innovadora.

O xerme da ideación desta aplicación naceu tras o análise do procedemento que se leva a cabo no LCG no control de entrada das mostras. Un dos obxectivos do Sistema de Calidade implantado no LCG é a mellora continua, e en cada departamento estúdanse as diferentes etapas dos procesos que se levan a cabo co fin de melloralos e lograr unha maior eficiencia; sempre coa vista posta na procura da excelencia no traballo.

Neste caso, valoráronse diferentes medidas que poderían facilitar a sempre difícil labor inspectora, alixear o proceso de rexistro das mostras no Laboratorio, así como solucionar dunha forma ecolóxica e sustentable os problemas asociados co uso do papel na produción e traspaso da documentación. Esta documentación é necesaria para levar a cabo os análises pertinentes nas ditas mostras, que son obxecto de campañas de vixilancia do mercado ou derivan de expedientes iniciados de oficio polo servizo de Inspección da Xunta de Galicia.

Por outra banda, no desenvolvemento da ideación desta aplicación tamén se valorou a necesidade do uso da tecnoloxía non soamente para facilitar a labor da vixilancia no mercado, senón tamén para evitar posibles erros humanos.

As ideas e propostas que se aportaron desde o departamento de Administración foron estudadas pola responsable de Calidade do LCG, que iniciou diferentes accións no marco

¹ Comisión Europea. (3 de Marzo de 2010). *Comunicación de la Comisión. EUROPA 2020 Una estrategia para un crecimiento inteligente, sostenible e integrador*. Obtido o 27 de Marzo de 2019, de <https://eur-lex.europa.eu: https://eur-lex.europa.eu/legal-content/ES/TXT/PDF/?uri=CELEX:52010DC2020&from=ES>





do Sistema de Calidade implantado no *Laboratorio de Consumo de Galicia*, sistema que está acreditado² pola *Entidade Nacional de Acreditación* (ENAC), segundo os criterios da norma UNE-EN ISO/IEC 17025 *Avaliación da conformidade. Requisitos xerais para a competencia dos laboratorios de ensaio e de calibración*³⁴.

Este Sistema de Calidade está baseado na mellora continua, progreso que se leva a cabo grazas á adopción de diferentes accións preventivas, correctivas e reparadoras. Habitualmente estas accións son consecuencia das distintas propostas na procura de melloras ou na detección de incidencias. A acción preventiva proposta agora como unha oportunidade de mellora é a creación da aplicación CEBRA.

Unha das etapas fundamentais na cadea do expediente dunha mostra obxecto de estudo dunha campaña de control do mercado é a toma de mostra e a súa recepción no *Laboratorio de Consumo de Galicia*. A toma de mostra dos produtos estudados nas campañas de vixilancia do mercado é realizada polo persoal de inspección do *Instituto Galego de Consumo e da Competencia* e debe ser acorde ao establecido nos artigos 62 e 63 da Lei 2/2012⁵. O acto da toma de mostras debe ser documentado polo persoal da Inspección de Consumo e no documento resultante debe transcribirse cuantos datos e circunstancias sexan necesarios para a identificación das mostras. Cada mostra consta de tres exemplares homoxéneos, que deben ser precintados e etiquetados, de tal forma que quede garantida a integridade do seu contido e a trazabilidade de cada exemplar.

Na procura da mellora do traballo é importante a redución documental en soporte físico, procurando un proceso máis ecolóxico, sustentable e seguro, grazas á redución da probabilidade de transmisión do virus COVID-19 por contacto.

² Entidad Nacional de Acreditación. (11 de Xaneiro de 2019). *Entidad Acreditada. Laboratorio de Ensayo. Laboratorio de Consumo de Galicia. Anexo Técnico Nº 293/LE627 Rev. 13*. Obtido o 29 de Marzo de 2019, de <https://www.enac.es/>: <https://www.enac.es/documents/7020/89e370f4-5047-4298-b5b2-05fd51610a38>

³ CTN 66/SC 2 - Evaluación de la conformidad. (20 de Decembro de 2017). *UNE-EN ISO/IEC 17025:2017. Requisitos generales para la competencia de los laboratorios de ensayo y calibración. (ISO/IEC 17025:2017)*. Obtido o 29 de Marzo de 2019, de <https://www.aenor.com/>: <https://www.aenor.com/normas-y-libros/buscador-de-normas/une/?c=N0059467>

⁴ Morillas, P. P. (2018). *Guía para la aplicación de UNE-EN ISO/IEC 17025:2017*. (S. AENOR Internacional, Ed.) Obtido o 29 de Marzo de 2019, de <https://www.aenor.com/>: <https://www.aenor.com/normas-y-libros/buscar-libros/detalle/?c=12448>

⁵ Xunta de Galicia. (5 de Maio de 2012). *Ley 2/2012, de 28 de marzo, gallega de protección general de las personas consumidoras y usuarias*. Obtido de Boletín Oficial del Estado: <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2012-5595&p=20191227&tn=1>



Tamén é importante a anticipación, considerando as posibles incidencias que poderían materializarse en calquera parte do procedemento e que redundarían en actuacións consecutivas e dependentes unhas de outras.

Estas incidencias poderían estar vinculadas coa información transcrita nas actas, actualmente realizadas en papel autocopiativo, ou coa posible heteroxeneidade das tres unidades tomadas como mostras regulamentarias, dada a gran similitude entre modelos diferentes dun mesmo produto e a existencia de etiquetados incompletos ou pouco claros.

A utilización da aplicación CEBRA podería facilitar tanto o acto de toma de mostra, xerando a documentación asociada de forma electrónica, coma a selección dos produtos que conforman a mostra regulamentaria, a través da lectura dos códigos de identificación coma son os códigos de barras ou os códigos QR.

Esta aplicación tamén facilitaría a labor no rexistro das mostras no LCG, xa que con este medio a trazabilidade entre cada produto e a súa acta e campaña asociada correspondente é garantida. A documentación podería recibirse de forma electrónica evitando a transcripción ao papel co posterior fotocopiado e escanado, procesos que poderían reducir a lexibilidade da información así como a calidade das fotografías tomadas. Tamén é preciso destacar que o proceso axustaríase a un modelo ecolóxico e sustentable coa redución do uso do papel.

A captura a través do móbil no acto de inspección da información necesaria coma: o código de identificación do produto, as fotografías, a información transcrita na acta aportada vía audio, a localización GPS da toma de mostra e as sinaturas a través da pantalla; transforma o proceso da vixilancia do mercado, achegándonos a unha nova era na que o uso intelixente da tecnoloxía pode facilitar, axilizar e mellorar a labor inspectora e posterior labor analítica do LCG.

Por outra banda, a ideación desta aplicación tamén naceu da necesidade de estatísticas de produtos inseguros vinculados con ingresos hospitalarios. O *Laboratorio de Consumo de Galicia*, a través da súa responsable de Calidade, participa en diversos grupos de traballo do *Comité Europeo de Normalización* (CEN), grupos nos que se desenvolve a normativa técnica en base aos mandatos da Comisión Europea. Nestes grupos de traballo as normas xeradas versan na maioría dos casos sobre aspectos vinculados coa seguridade de diferentes produtos que poden atoparse no mercado e a disposición das persoas consumidoras. A utilización destas estatísticas é un recurso habitual no desenvolvemento das ditas normas.

Esta aplicación, co cruce de datos cos hospitais, facilitaría a confección das ditas estatísticas mellorando por tanto o traballo do LCG no seo dos grupos de normalización europeos e a detección no mercado de produtos inseguros. Poderíase crear unha comunicación áxil a





través da aplicación CEBRA entre Sanidade e Consumo mediante un sistema de alarma, co fin de informar sobre posibles produtos inseguros que son causa de ingresos hospitalarios ou de tratamentos nos centros de saúde, tal e como ocorre noutros países onde teñen establecidas bases de datos eficientes e útiles coma é a *US's National Electronic Injury Surveillance System* (NEISS) de Estados Unidos^{6,7}.

Por último, esta aplicación axilizaría a labor inspectora no caso das campañas que desenvolve coa toma de mostra de produtos similares aos publicados na rede de alerta nacional SIRI e europea RAPEX. A aplicación podería extraer das ditas bases a información necesaria relativa a determinados produtos, de forma que a Inspección vería reducida a inxente labor que desenvolve ao ter que tratar con multitude de tipos de produtos presentes no mercado.

A aplicación proxectada denomínase CEBRA xa que ten a súa base na lectura dos códigos de identificación dos produtos, como poden ser o código de barras ou o código QR, identificación única coma as liñas características destes singulares animais.

2. FACTORES CLAVE

❖ ALTO IMPACTO

A interacción da aplicación CEBRA con outras bases de datos, coma poden ser as bases de accidentes provocados por produtos inseguros rexistrados en hospitais ou centros de saúde, ou as bases de produtos rexistrados nas redes SIRI ou RAPEX, favorecería a labor inspectora e podería mellorar o servizo de prevención á cidadanía, podendo ter un alcance transfronteirizo.

A actividade dos servizos de inspección tería un alcance maior se este cruce de datos xera unha alarma na aplicación, de forma que produtos que poden presentar un risco para a poboación poderían ser obxecto de estudo de forma inmediata.

⁶ Base de datos NEISS: <https://www.cpsc.gov/cgibin/NEISSQuery/home.aspx>

⁷ Radovnikovic, A., Geiss O, Kephelopoulou S, et al. (14 de Marzo de 2020). *Assessment of the opportunities for increasing the availability of EU data on consumer product-related injuries*. Obtido de Inj Prev Epub: <https://injuryprevention.bmj.com/content/injuryprev/early/2020/05/04/injuryprev-2020-043677.full.pdf>





❖ **SEGURIDADE**

Coa eliminación do soporte papel redúcese a transmisión por contacto do virus COVID-19.

❖ **PROCURA INTELIXENTE DA EXCELENCIA NO TRABALLO**

Grazas a tecnoloxía xa existente, podería crearse unha aplicación que tivese a posibilidade de captar no móbil códigos de barras ou códigos QR, información vía voz e a localización GPS do acto da toma da mostra. Con toda esta información a aplicación podería emitir a acta da inspección que podería ser asinada de forma electrónica co uso da pantalla do móbil. Esta acta podería enviarse directamente ao Servizo de Inspección e ao *Laboratorio de Consumo de Galicia*.

Por outra banda, ao introducir o código de barras ou o código QR a aplicación podería emitir unha alerta se este produto xa foi obxecto de campaña de control do mercado, se está incluído nos rexistros de centros de saúde ou hospitais, ou se xa está publicado na rede de alerta SIRI ou RAPEX.

Servirnos da tecnoloxía é un acto intelixente á hora de traballar con multitude de produtos que se atopan no mercado.

❖ **MELLORA DO SERVIZO Á CIDADANÍA**

Grazas as posibles interaccións cos rexistros de danos xerados por produtos inseguros nos centros de saúde ou hospitais, a inspección podería ter información inmediata de tais eventos, podendo deseñar campañas ou inspeccións de oficio en relación cos ditos produtos en tempo real. A cidadanía podería recibir un servizo de control do mercado máis rápido e eficiente, xa que o estudo basearíase en produtos iguais ou similares aos que ocasionaron danos. A identificación do produto sería común, a través do seu código de barras ou código QR, ou mediante a creación dun código coa información suficiente derivada das súas características únicas: tipo de produto, fabricante ou importador, marca e modelo.

Tamén podería evitarse a duplicación da labor inspectora e grazas ao mapeo vía localización GPS do acto de toma de mostra poderían planificarse as inspeccións por zonas e en establecementos diferentes.





❖ **SUSTENTABILIDADE**

A edición e emisión das actas de toma de mostra de forma telemática reduce a utilización de papel e polo tanto do gasto asociado.

❖ **SOLIDARIEDADE**

A información exacta, de cada tipo de produto obxecto de campaña de inspección e asociado a un tipo de risco, podería compartirse dunha forma inequívoca a outros organismos como é o CEN ou a rede europea RAPEX. A mellora no servizo de inspección favorece tamén a seguridade da cidadanía doutros países.

❖ **GRUPO DE TRABAJO INTERDISCIPLINAR**

intra-laboratorio: cada membro do equipo do *Laboratorio de Consumo de Galicia*, contribúe de acordo ás súas funcións encomendadas: xestión do sistema administrativo, recepción da información e emisión de informes.

inter-laboratorio: establécense novos canles de traballo en rede a través da trazabilidade das mostras.

xusta-laboratorio: grazas á cooperación con outros organismos establécese un equipo de traballo máis aló das paredes do Laboratorio; cooperación establecida conforme a letra j) do artigo 21 da Subsección 3ª, *Outros órganos*, “*Laboratorio de Consumo de Galicia*”, do *Decreto 118/2016, de 4 de agosto, polo que se crea o Instituto Galego de Consumo da Competencia e se aproban os seus estatutos*⁸.

3. FACTORES INNOVADORES

❖ **ACTITUDE INNOVADORA DA ADMINISTRACIÓN FRONTE A NOVOS RETOS.**

A prevención a través das campañas de vixilancia do mercado é unha ferramenta eficaz para diminuír os posibles riscos asociados cos produtos a disposición das persoas consumidoras.

⁸ Xunta de Galicia. (25 de Agosto de 2016). *Decreto 118/2016, do 4 de agosto, polo que se crea o Instituto Galego do Consumo e da Competencia e se aproban os seus estatutos*. <https://www.xunta.gal/dog/>: https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160825/AnuncioG0244-220816-0001_gl.pdf





Na actual conxuntura pola pandemia COVID-19, este control debe ser áxil e eficaz, xa que no mercado atópanse un crecente número de produtos de protección fronte a este virus que non compren coa normativa de aplicación.

A implantación da aplicación CEBRA podería axilizar o proceso de inspección e mellorar a trazabilidade dos produtos.

❖ **SINERXÍAS**

A posible conexión da aplicación CEBRA con bases de datos de hospitais, centros de saúde ou coas establecidas nas redes SIRI e RAPEX, podería evitar posibles duplicidades nas tomas de mostra e mellorar a labor de vixilancia do mercado.

Os listados de produtos asociados a ingresos hospitalarios ou tratamentos en centros de saúde serían a base para a estimación, por parte do LCG, dos riscos asociados a cada tipo de produto, cunha base real sólida.

Por outra banda, estes listados que nacen da comunicación entre Sanidade e Consumo, a través da aplicación CEBRA, podería servir de base á Comisión Europea na emisión dos mandatos para a redacción da normativa técnica do CEN.

❖ **TRANSPARENCIA E INFORMACIÓN**

A información das campañas e a localización das tomas de mostra poderíanse publicar a través de mapas interactivos. Desta forma, a cidadanía podería apreciar dunha forma visual e rápida a labor profesional da Inspección da Xunta de Galicia.

❖ **MELLORA CONTINUA E BOAS PRÁCTICAS**

Con esta aplicación facilítase a edición das actas que se realiza de forma electrónica. Facilítase a lectura da información, mellórase a trazabilidade do produto e evítanse posibles erros na identificación dos modelos dos produtos que son obxecto da toma de mostra, grazas ao uso do código de identificación coma poden ser o código de barras ou código QR.

Axilízase o proceso de forma que as actas poden asinarse de forma electrónica coa sinatura na pantalla, tanto por parte da Inspección como polo responsable do establecemento onde se distribúe o produto. Esta acta pode entón enviarse en





tempo real tanto ao Servizo de Inspección como ao *Laboratorio de Consumo de Galicia*, ente que posteriormente procederá ao seu análise.

Mellórase a planificación das actividades da Inspección grazas ao mapeo por GPS dos lugares onde se practican as tomas de mostra; información que podería compartirse coa cidadanía.

❖ **INTERNACIONALIZACIÓN**

Esta aplicación podería servir de base para a obtención das estatísticas de produtos que presentan riscos co seu uso, para a súa utilización nos comités técnicos de normalización. Habitualmente utilízanse as estatísticas proporcionadas por países onde se rexistran os produtos que están relacionados con mortes, ingresos hospitalarios ou tratamentos en centros de saúde. Estas estatísticas proveñen fundamentalmente da base *US's National Electronic Injury Surveillance System* (NEISS) de Estados Unidos^{9,10}. Poderíase iniciar un proxecto piloto en Galicia, extrapolable ao resto de España, para establecer esta comunicación a través da aplicación CEBRA e cun sistema de alarma que notificase cada produto engadido no listado en Sanidade.

Tamén poderíase establecer unha conexión entre a aplicación CEBRA e a información contida no RAPEX, a través da captura de determinada información; de forma que se poderían favorecer as campañas de produtos similares aos presentes nesta rede de alerta.

❖ **TRABALLO EN EQUIPO NO CAMPO DA VIXILANCIA DO MERCADO**

Trátase dunha aplicación na que se podería traballar en equipo, xerándose unha rede de traballo na que podería intervir Consumo, Sanidade ata o CEN a través do LCG. O traballo en equipo é fundamental á hora de dar dimensión as actividades realizadas e para ter un coñecemento máis completo dos problemas derivados da posta no mercado dun produto inseguro e dos entes implicados en cada proceso.

⁹ Base de datos NEISS: <https://www.cpsc.gov/cgibin/NEISSQuery/home.aspx>

¹⁰ Radovnikovic, A., Geiss O, Kephelopoulou S, et al. (14 de Marzo de 2020). *Assessment of the opportunities for increasing the availability of EU data on consumer product-related injuries*. Obtido de Inj Prev Epub: <https://injuryprevention.bmj.com/content/injuryprev/early/2020/05/04/injuryprev-2020-043677.full.pdf>





4. O LABORATORIO DE CONSUMO DE GALICIA

MARCO LEXISLATIVO

O *Laboratorio de Consumo de Galicia* é unha entidade adscrita á Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación¹¹, a través do *Instituto Galego do Consumo e da Competencia*., conforme o artigo 2.2.b, *Estrutura da consellería*, do *Decreto 135/2017, do 28 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria*¹².

No artigo 8, *Estrutura do Instituto Galego do Consumo e da Competencia*, do *Decreto 118/2016, de 4 de agosto, polo que se crea o Instituto Galego do Consumo e da Competencia e se aproban os seus estatutos*¹³, figura o *Laboratorio de Consumo de Galicia* como un órgano que forma parte da estrutura do dito Instituto.

O texto da *Lei galega 2/2012, de 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias*¹⁴, que rexe as actuacións do *Laboratorio de Consumo de Galicia*, incardínase de forma harmónica dentro do ordenamento xurídico español e da Unión Europea. Nesta Lei considéranse as medidas descritas na *Axenda do Consumidor Europeo*.

A *Axenda do Consumidor Europeo*¹⁵ presenta diferentes medidas para favorecer o logro dos obxectivos establecidos pola Comisión Europea, en materia de consumo, no Plan

¹¹ Presidencia da Xunta de Galicia. (7 de Setembro de 2020). *Decreto 110/2020, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia*. Obtido de Diario Oficial de Galicia:
https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2020/20200907/AnuncioC3B0-060920-1_gl.html

¹² Xunta de Galicia. (25 de Enero de 2018). *Decreto 135/2017, do 28 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria*. Obtido o 27 de Marzo de 2019, de <https://www.xunta.gal/dog/>:
https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20180125/AnuncioG0424-180118-0001_gl.html

¹³ Xunta de Galicia. (25 de Agosto de 2016). *Decreto 118/2016, do 4 de agosto, polo que se crea o Instituto Galego do Consumo e da Competencia e se aproban os seus estatutos*. Obtido o 27 de Marzo de 2019, de <https://www.xunta.gal/dog/>:

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160825/AnuncioG0244-220816-0001_gl.pdf

¹⁴ Xunta de Galicia. (27 de Abril de 2012). *Lei galega 2/2012, de 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias*. Obtido o 27 de Marzo de 2019, de <https://www.boe.es>:
<https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2012-5595>

¹⁵ Comisión Europea. (22 de Maio de 2012). *Comunicación de la Comisión al Parlamento Europeo, al Consejo, al Comité Económico y Social Europeo y al Comité de las Regiones. Una Agenda del Consumidor Europeo para impulsar la confianza y el crecimiento*. Obtido o 27 de Marzo de 2019, de <https://eur-lex.europa.eu>: <https://eur-lex.europa.eu/legal-content/ES/TXT/PDF/?uri=CELEX:52012DC0225&from=EN>





EUROPA 2020 “*Unha estratexia para un crecemento intelixente, sustentable e integrador*”¹⁶. Os obxectivos desta Axenda son os que se citan a continuación:

- *"Mellora da seguridade dos consumidores. Garantir a seguridade dos produtos, servizos e alimentos é un obxectivo básico da política dos consumidores. Ao obxecto de alcanzar a finalidade de reforzar a seguridade dos consumidores, a Comisión traballará para conseguir os dous obxectivos específicos seguintes:*
 - *Mellorar o marco regulador sobre a seguridade dos produtos e servizos e optimizar o marco de vixilancia do mercado.*
 - *Reforzar a seguridade na cadea alimentaria.*
- *Mellora dos coñecementos. A fin de capacitar adecuadamente aos consumidores, deberá proporcionárselles información clara, fiable e comparable. A Comisión traballará para conseguir os dous obxectivos específicos seguintes:*
 - *Mellorar a información e a concienciación en materia de dereitos e intereses dos consumidores tanto entre os consumidores como entre os comerciantes.*
 - *Xerar coñecementos e capacidade en pos dunha participación máis efectiva dos consumidores no mercado.*
- *Reforzar a normativa en materia de consumo e proporcionar vías eficaces de resolución de conflitos. Para que o mercado único siga sendo un éxito, é necesario que mellore a confianza de quen participa no mercado na aplicación efectiva e eficiente dos seus dereitos, así como a dispoñibilidade de mecanismos de reparación adecuados. A Comisión traballará para conseguir os dous obxectivos específicos seguintes:*
 - *Facer cumprir de maneira efectiva a lexislación sobre consumidores, centrándose en sectores clave.*
 - *Ofrecer aos consumidores métodos eficaces para a resolución de litixios.*
- *Adaptación dos dereitos e a políticas clave ao cambio económico e social. Adaptar a lexislación de consumo á era dixital e tratar os problemas dos consumidores en liña, incorporar as necesidades dos consumidores vulnerables e facilitar a elección sustentable. A Comisión traballará para conseguir os dous obxectivos específicos seguintes:*
 - *Adaptar a lexislación en materia de consumidores á era dixital.*
 - *Promover o crecemento sustentable e apoiar os intereses dos consumidores en sectores clave."*

¹⁶ Comisión Europea. (3 de Marzo de 2010). *Comunicación de la Comisión. EUROPA 2020 Una estrategia para un crecimiento inteligente, sostenible e integrador*. Obtido o 27 de Marzo de 2019, de <https://eur-lex.europa.eu: https://eur-lex.europa.eu/legal-content/ES/TXT/PDF/?uri=CELEX:52010DC2020&from=ES>





A actuación do *Laboratorio de Consumo de Galicia*, descrita no seu Plan Estratéxico, está en consonancia co *Plan Galego 2015-2020*¹⁷ da Xunta de Galicia e coa estratexia de crecemento da Unión Europea, EUROPA 2020¹⁸; en consecuencia, os catro puntos descritos anteriormente son considerados.

DESCRICIÓN

O *Laboratorio de Consumo de Galicia* do *Instituto Galego do Consumo e da Competencia*, é unha entidade adscrita á Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación da Xunta de Galicia.

O *Laboratorio de Consumo de Galicia* realiza as funcións descritas no artigo 21 da Subsección 3ª, *Outros órganos*, “*Laboratorio de Consumo de Galicia*”, do *Decreto 118/2016, de 4 de agosto, polo que se crea o Instituto Galego do Consumo e da Competencia e se aproban os seus estatutos*¹⁹, entre as que se atopan as seguintes:

“a) A realización de estudos, análises e informes técnicos sobre os produtos existentes no mercado á disposición das persoas consumidoras ou usuarias.

b) A información e o asesoramento en temas relacionados co control dos produtos á disposición das persoas consumidoras e usuarias.

c) A participación nos comités técnicos de normalización no ámbito das súas competencias e en cantos foros técnicos lle sexan encomendados pola persoa titular da dirección do Instituto.

¹⁷ Xunta de Galicia. (11 de Novembro de 2016). *Plan Estratéxico Galego 2015-2020*. Obtido o 27 de Marzo de 2019, de <http://www.planestratexico.gal/>: <http://www.planestratexico.gal/>

¹⁸ Comisión Europea. (3 de Marzo de 2010). *Comunicación de la Comisión. EUROPA 2020 Una estrategia para un crecimiento inteligente, sostenible e integrador*. Obtido o 27 de Marzo de 2019, de <https://eur-lex.europa.eu: https://eur-lex.europa.eu/legal-content/ES/TXT/PDF/?uri=CELEX:52010DC2020&from=ES>

¹⁹ Xunta de Galicia. (25 de Agosto de 2016). *Decreto 118/2016, do 4 de agosto, polo que se crea o Instituto Galego do Consumo e da Competencia e se aproban os seus estatutos*. Obtido o 27 de Marzo de 2019, de <https://www.xunta.gal/dog/>: https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160825/AnuncioG0244-220816-0001_gl.pdf





d) A proposta, o desenvolvemento e a coordinación de iniciativas de investigación en materia, análise e avaliación de produtos de consumo, e a participación, a coordinación e a elaboración de estudos prospectivos en materia de seguridade e calidade de produtos de consumo.

e) A prestación de servizos de asistencia científico-técnica aos sectores sociais e industriais e aos xestores públicos en materia de consumo.

f) A participación e proposta de ofertas en contratacións públicas tanto en España como noutros países.

g) A participación e proposta de programas, accións e actividades formativas de concienciación e promoción en materia de consumo.

h) O soporte analítico das actuacións do Instituto.

i) O desenvolvemento e posta en marcha de novos métodos analíticos instrumentais.

j) A colaboración con outros organismos e entidades que teñan funcións en harmonía co Laboratorio de Consumo de Galicia.

k) Realizar informes en materia de seguridade dos produtos co obxecto de avaliar o seu cumprimento con respecto aos produtos existentes no mercado.

l) Proponer campañas de inspección especialmente en materia de seguridade dos produtos.

m) En xeral, prestarlle asistencia así como desenvolver calquera outra función que, por razón da súa competencia, lle poida encomendar a persoa titular da dirección do Instituto.”

Nesta memoria imos centrar a mirada na proposta de campañas de inspección, no estudo en materia de seguridade dos produtos, na participación nos comités técnicos de normalización así como na colaboración con outros organismos como poden ser os hospitais. Tamén estúdanse as sinerxías que afloran da conxunción destas labores a través da aplicación CEBRA proxectada.



O *Laboratorio de Consumo de Galicia* está estruturado actualmente nos seguintes departamentos:




FIGURA 1. DEPARTAMENTOS





A visión do *Laboratorio de Consumo de Galicia* é converterse nun instrumento técnico de referencia, a nivel nacional e internacional, no estudo e avaliación dos produtos de consumo dispostos no mercado e nun promotor da sensibilización da poboación xeral, mediante a procura da excelencia fomentando o traballo en equipo.

Estes cinco departamentos técnicos compren co Sistema de Calidade implantado no LCG, sistema que está acreditado pola *Entidad Nacional de Acreditación*, (E.N.A.C.)²⁰, para a realización de ensaios nos produtos téxtiles e nos artigos de puericultura e xoguetes, segundo os criterios da norma UNE-EN ISO/IEC 17025 *Avaliación da conformidade. Requisitos xerais para a competencia dos laboratorios de ensaio e de calibración*^{21,22}.

Esta acreditación representa o recoñecemento formal da competencia técnica do Laboratorio e a máxima fiabilidade dos seus resultados.

²⁰ Entidad Nacional de Acreditación. (11 de Xaneiro de 2019). *Entidad Acreditada. Laboratorio de Ensayo. Laboratorio de Consumo de Galicia. Anexo Técnico Nº 293/LE627 Rev. 13*. Obtido o 29 de Marzo de 2019, de <https://www.enac.es/>: <https://www.enac.es/documents/7020/89e370f4-5047-4298-b5b2-05fd51610a38>

²¹ CTN 66/SC 2 - Evaluación de la conformidad. (20 de Decembro de 2017). *UNE-EN ISO/IEC 17025:2017. Requisitos generales para la competencia de los laboratorios de ensayo y calibración. (ISO/IEC 17025:2017)*. Obtido o 29 de Marzo de 2019, de <https://www.aenor.com/>: <https://www.aenor.com/normas-y-libros/buscador-de-normas/une/?c=N0059467>

²² Morillas, P. P. (2018). *Guía para la aplicación de UNE-EN ISO/IEC 17025:2017*. (S. AENOR Internacional, Ed.) Obtido o 29 de Marzo de 2019, de <https://www.aenor.com/>: <https://www.aenor.com/normas-y-libros/buscar-libros/detalle/?c=12448>



RECURSOS HUMANOS

A actividade vinculada coa ideación da aplicación CEBRA proposta polo *Laboratorio de Consumo de Galicia*, desenvólvese grazas aos seguintes recursos humanos:



Juana I. Ferreiro López-Riobóo
Xefa de Sección e Responsable de Calidade
Laboratorio de Consumo de Galicia



María L. Veira Rabuñal
Responsable de Administración
Laboratorio de Consumo de Galicia

IMAXE 1-3. RECURSOS HUMANOS VINCULADOS COA APLICACIÓN CEBRA

A detección de oportunidades de mellora é unha máxima do Sistema de Calidade implantado no *Laboratorio de Consumo de Galicia*. Tal e como se establece no punto 8.6 da norma UNE-EN ISO/IEC 17025, o Laboratorio debe identificar y seleccionar oportunidades de mellora e aplicar calquera acción necesaria. Estas oportunidades de mellora poden xurdir de diferentes formas; neste caso foi produto das suxestións do persoal.

O xerme para deseñar a aplicación CEBRA naceu da procura de solucións para axilizar e facilitar o proceso de rexistro de mostras no LCG así como da necesidade de información sobre estatísticas relacionadas con produtos inseguros vinculados con ingresos



hospitalarios, información que se precisa á hora de avaliar os riscos²³ dos produtos analizados no LCG e na redacción das normas técnicas dos grupos CEN dos que o LCG forma parte.

A responsable de Administración detecta as non conformidades e redacta as incidencias no proceso de recepción das mostras realizado no *Laboratorio de Consumo de Galicia*.

O proceso de rexistro das mostras que se pretende mellorar está descrito nos puntos 4.3.2 e 4.3.3 do Manual de Calidade do LCG.

A recepción das mostras lévase a cabo no LCG pola responsable de Administración quen, tras as correspondentes comprobacións, procede ao seu rexistro. As comprobacións xerais na recepción dunha mostra son as seguintes:

- Comprobación do estado da embalaxe.
- Comprobación do estado da mostra.
- Comprobación dos datos que figuran nos documentos que acompañan a mostra.

No caso de que exista algunha anomalía nas mostras recibidas, a responsable de Administración deixa rexistro na “Folla de incidencias na recepción de mostras”, formato M0402, que se identifica co código IN/ XXXX sendo XXXX un número correlativo do 0001 ao 9999. Tras realizar as correspondentes comprobacións, procede á aceptación das mostras e ao seu rexistro no “Libro de Rexistro de Mostras”, formato M0403.

O resultado das comprobacións realizadas na recepción de cada mostra reflíctese no dito libro de rexistro das mostras. Polo tanto, a responsable de Administración é a empregada do LCG que detecta as non conformidades e incidencias vinculadas con cada mostra.

A responsable de Calidade estuda a información contida nas follas de incidencias na recepción das mostras e propón as accións preventivas, correctoras ou reparadoras pertinentes.

Co fin de anticiparse a posibles incidencias é necesario estudar cada proceso detidamente. No caso das campañas de avaliación da seguridade dos produtos postos a disposición das

²³ Comisión Europea. (15 de Marzo de 2019). *Decisión de execución (UE) 2019/417 de la Comisión de 8 de noviembre de 2018*. Obtido de Diario Oficial de la Unión Europea: <https://eur-lex.europa.eu/legal-content/ES/TXT/PDF/?uri=CELEX:32019D0417&qid=1600929867251&from=ES>



persoas consumidoras no mercado, as incidencias que poderían xurdir no proceso de rexistro de mostras no LCG poderían ser a recepción de documentación ilexible; así como a posible heteroxeneidade dos produtos tomados como mostra regulamentaria.

Unha posible incidencias coa que se podería atopar o LCG no desenvolvemento das súas tarefas no campo da normalización nos grupos de traballo europeos do CEN é a falta de información derivada das estatísticas dos produtos inseguros e relacionados con ingresos hospitalarios en Galicia.

Tendo en conta o dito anteriormente e co ánimo de atopar solucións que faciliten a labor profesional que se leva a cabo no campo da vixilancia no mercado no seo da Xunta de Galicia, ideouse coma acción preventiva a creación da aplicación CEBRA.

5. A VIXILANCIA DO MERCADO

DESCRIPCIÓN

A vixilancia do mercado é un instrumento básico á hora de detectar produtos inseguros²⁴ á disposición das persoas consumidoras.

ACTUACIÓNS NO CAMPO DA VIXILANCIA NO MERCADO

INSPECCIÓN DE OFICIO

